

**XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

Edificio Administrativo de Monelos

Rúa Vicente Ferrer, 2 – 1º e 2º andar

15071 – A CORUÑA

Expediente IN408A 2020/143

Don/Dona _____ con DNI.
Nº _____, con domicilio a efectos de notificacións
en _____
_____, municipio de _____, provincia _____,
código postal _____, teléfono de contacto _____
_____, actuando no meu propio nome e
representación, polo presente comparece ante esa administración e, como mellor
proceder en dereito, **DI:**

1.- Con data 7 de outubro de 2022 foi publicado no DOG nº 192 acordo do 5 de setembro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto LAT 132 kV evacuación parque eólico Legre, nos concellos de Oza-Cesuras e Mesía (expediente IN408A 2020/143), outorgando prazo de 30 hábiles para presentación de alegacións.

2.- Que en tempo e forma, polo presente, en contexto do trámite aludido, procédese a evacuar as seguintes:

ALEGACIONES

ÚNICA.- Non procede autorización administrativa do proxecto LAT 132 kV evacuación parque eólico Legre, por canto non procede autorización administrativa de construción, estudo de impacto ambiental (EIA) e proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do devandito parque eólico nos concellos de Mesía e Oza-Cesuras.

O presente proxecto e, en concreto, a LAT proxectada, produce un grave impacto ambiental sobre a saúde e a calidade de vida das persoas, sobre hábitats e paisaxes protexidas, e tamén económico sobre os núcleos de poboación afectados.

Este grave impacto non se ve compensado pola utilidade do proxecto nin do dimensionamento da LAT, xa que, á marxe do lucro que os seus promotores podan obter, a redución da dependencia de combustíbeis fósiles e non renovábeis pode obterse igualmente noutros emprazamentos menos sensíbeis ambiental e paisaxísticamente e con menos densidade de infraestruturas de xeración enerxética.

Neste sentido, o proxecto agora presentado a tramitación, a saber, a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) da LAT 132 kV, nada achega diferente en relación ás eventuais correccións do proxecto do parque eólico Legre, expediente nº IN408A 2020/097, do que este agora presentado dimana.

Así sendo, observamos, seguindo o estudo de impacto ambiental presentado que incorre nas mesmas irregularidades que o inviabilizan conforme á exposición que segue:

- Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.
- Falla de xustificación da necesidade da LAT 132 kV de evacuación do parque eólico Legre actual e prevista.
- Non consta estudo de impacto ambiental do grao de aceptación do proxecto polos concellos afectados e pola poboación.
- Non consta estudo de impacto ambiental das alternativas propostas, só da alternativa escollida.
- Non se xustifica a declaración de interese autonómico do proxecto eólico.
- Óbviasse no estudo de impacto ambiental a superposición, solapamento e fragmentación dos parques Abrente e Gasalla converténdose na liña estruturadora dos mesmos conformando unha única estrutura, polo que deben ser considerados proxecto único.
- Vulneración dos artigos 2 e 6 da Directiva 92/43/CEE relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, actualizada a través da Directiva 97/62/CEE.
- Deficiente avaliación da afección a hábitats e especies de interese comunitario consonte á Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, actualizada a través da Directiva 97/62/CEE.
- Deficiente avaliación da afección a especies incluídas no Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

- Vulneración do artigo 3 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
- Non se cumpren parte das directrices propostas por SEO/Birdlife para a caracterización da comunidade faunística de aves e morcegos.
- O impacto acústico durante a fase de obras está minimizado.
- Inadecuada temporalización dos traballos.

En base ao anteriormente exposto,

SOLICITO que tendo por presentadas estas alegacións, se lles dea o trámite oportuno e, en virtude do exposto, se proceda a **resolver negativamente o procedemento de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto LAT 132 kV evacuación parque eólico Legre, nos concellos de Oza-Cesuras e Mesía (expediente IN408A 2020/143).**

En _____, a _____ de novembro de 2022